

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27006531	IES Lucus Augusti	Lugo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	2º ESO	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	29

## 1. Introducción

A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas, como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela. Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

O desenvolvemento tecnolóxico e a globalización permiten a escoita simultánea de toda a produción musical mundial e abriu novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais como de calquera persoa interesada en facer música.

Ademais, a música contribúe activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado, así como no fomento de valores como o esforzo, a constancia, perseveranza, disciplina, toma de decisións, autonomía, compromiso e espírito emprendedor entre outros; valores que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa, ademais de mellorar a atención, a xestión das emocións e a autoestima, así como a capacidade de comunicación e traballo en grupo adoitando diferentes roles dentro deste.

A materia de Música na educación secundaria obrigatoria fundaméntase e constrúese desde a área de Música e Danza na educación primaria. Agora desenvolveranse as capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e afianzanse os contidos aprendidos previamente polo alumnado.

Nesta programación para 2º curso de ESO concrépanse uns obxectivos, contidos e criterios de avaliación articulados en tres bloques que integran os coñecementos, destrezas e actitudes que se pretenden alcanzar sempre desde a súa interiorización a través da práctica, para pasar despois a teorización.

Os obxectivos propostos para toda a ESO pretenden desenvolver a identidade e a recepción cultural, contribuír a autoexpresión a través da creación e da interpretación, centrarse na produción artística e estudar, entender e coñecer o patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre traballados desde unha aprendizaxe baseada na práctica que lle permita ao alumnado experimentar a música e máis a danza.

Os criterios de avaliación son ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias segundo os seus compoñentes cognitivos, procedimentais e actitudinais.

Os contidos articúlanse en tres bloques:

- "Escoita e percepción", contidos indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural, a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

- «Interpretación, improvisación e creación escénica», co que se pretende a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais, como do uso libre de distintas linguaxes. Aprender a música a través da experiencia de ser músico, baseándonos no traballo por proxectos grupais.

- «Contextos e culturas», aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con isto propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres como por homes, e que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

Neste 2º curso de ESO, a materia centrarase no traballo, coñecemento e dominio dos principais elementos da linguaxe musical que permitan entender e executar partituras básicas; na escoita, recoñecemento e creación de formas musicais, dancísticas e texturas básicas; asentar os principios técnicos da interpretación instrumental e vocal; comprender e respectar as normas básicas da actuación en público e asistencia a espectáculos musicais e dancísticos; e no coñecemento das tradicións musicais e dancísticas da nosa comunidade así como doutras partes do mundo.

Esta proposta didáctica está pensada para seguir traballando moitos dos contidos non só na unidade na que se presentan por primeira vez, senón para que estes contidos sigan aparecendo nas seguintes unidades e sexan manexados, afianzados e ampliados de forma continua ao longo de todo o curso, xa que a música ao igual que o resto das linguaxes, é unha materia onde os contidos son acumulativos, e imos construindo a sintaxe musical manexando os conceptos previos dos que partimos e construindo sobre estes novas estruturas máis complexas a través do aprendizaxe en espiral.

Queremos recalcar como principal obxectivo desta programación e unidades didácticas, a creación dun público crítico que saiba valorar a calidade das músicas que escoita e os medios de comunicación que escolle para a súa reprodución, e isto articulado a través da experiencia de ser músico ou bailarín, de comprender o oficio, e de saber

poñerse no lugar de traballo dos artistas. Soamente a través de experiencia podemos comprender o mundo en sí da música, os contidos, o traballo en equipo, de perseveranza, de autonomía e de compromiso cos demais, que supón subirse a un escenario a estrenar un proxecto, e a esa experiencia é a que pretendemos chegar co traballo realizado ao longo do curso.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Parámetros do son: ruído, música e silencio.	Unidade introductoria sobre os elementos que conforman a música: son e silencio.	10	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Parámetros do son: ruído, música e silencio.	Resaltaremos a importancia deste último e analizaremos o son como fenómeno físico, centrándonos nos seus parámetros: duración, altura, intensidade e timbre. Recordaremos o funcionamento do sistema auditivo humano e os seus límites. Isto permitiranos averiguar, a modo de avaliación diagnóstica, qué contidos interiorizou o alumnado na educación primaria, e amplialos. Tamén traballaremos nesta unidade a importancia da escoita activa, e o concepto de contaminación acústica e as súas consecuencias.	10	8	X		
2	O ritmo	Nesta unidade traballaremos os principais elementos rítmicos que conforman a música (compases básicos de subdivisión binaria e ternaria, figuras musicais e signos que alongan ditas figuras...), sempre desde un punto de vista práctico, sentindo o ritmo a través do corpo, do movemento e da percusión corporal. Partimos da práctica de ritmos (lectura e escritura) para despois comprender os conceptos desde unha perspectiva teórica e poder facer unha escoita activa.	15	10	X		
3	A melodía	Nesta unidade traballaremos os principais elementos melódicos que conforman a música (notas en clave de sol en 2ª liña, concepto de intervalo, forma dos temas melódicos, escalas principais...), sempre desde un punto de vista práctico, analizando as melodías a través da escoita activa mediante actividades de soundpainting ou similares e do uso da voz para entonar ou instrumentos. Partimos de coñecer os sons e as melodías a nivel auditivo traballando a lectura e a escritura de melodías sinxelas de ámbito reducido.	15	10	X		
4	A voz: produción do son, clasificación das voces e agrupacións vocais. Técnicas de canto.	A voz humana, e polo tanto o canto, é a forma máis natural e completa de expresión musical. Cada voz é única e inimitable, e consegue mover as emocións do ser humano. Nesta unidade aprenderemos como funciona o noso corpo para producir a voz e o canto, así como a clasificación das distintas voces segundo a súa tesitura e as principais agrupacións vocais para as que ao longo da historia, as compositoras e compositores, teñen escrito música. Tamén diferenciaremos técnicas e formas de cantar ao longo da historia da música, desde a voz impostada da ópera ata outras técnicas utilizadas nas músicas populares,	10	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	A voz: produción do son, clasificación das voces e agrupacións vocais. Técnicas de canto.	no jazz e nas músicas urbanas, sempre a través dun enfoque práctico, co que coñeceremos o noso corpo e as posibilidades da nosa propia voz.	10	6		X	
5	Instrumentos da tradición musical occidental Europea.	Nesta unidade aprenderemos as características básicas das familias instrumentais (aerófonos, cordófonos, idiófonos, membranófonos e electrófonos), centrándonos principalmente nos instrumentos da tradición musical occidental Europea e as principais agrupacións desta, así como a súa evolución (tríos, cuartetos, quintetos, a orquestra e a súa evolución na historia), estudando nas unidades seguintes outros instrumentos musicais propios doutras culturas e das músicas populares e urbanas.	10	8		X	
6	Textura e harmonía: introdución aos acordes básicos.	A textura é o modo en que combinamos os elementos rítmicos, melódicos e harmónicos nunha composición ou fragmento musical. Nesta unidade traballaremos de xeito xeral os 4 tipos de textura: monodia, polifonía, contrapunto e melodía acompañada e a súa aparición ao longo da historia da música. A maioría das melodías que escoita o noso alumnado hoxe en día, adoitan ter textura de melodía acompañada, isto é unha melodía asentada sobre unha base ou sucesión de acordes, por iso é importante que dito alumnado comprenda o concepto de acorde, a formación de acordes básicos, especialmente os tríade maiores e menores, e as funcións tonais básicas de tónica, dominante e subdominante.	10	6		X	
7	A forma musical	A forma musical é a estrutura utilizada polos compositores no momento de crear unha obra, coa fin de ordenar os distintos elementos que conforman a música e facer que sexa así comprensible. O concepto de forma comeza coa comprensión dos motivos, frases e semifrases, para diferenciar despois seccións máis longas e procedementos de creación como a repetición e a variación. Clasificamos as principais formas en vocais e instrumentais. Neste curso introduciremos algunhas delas como a forma binaria e ternaria, a forma rondó e algunhas formas da música popular e urbana.	10	6		X	
8	Música popular urbana, medios de comunicación e cine.	A música popular urbana xorde no século XX, aparecendo despois da II Guerra Mundial primeiro nos Estados Unidos de América e despois difúndese ao resto de	10	8			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Música popular urbana, medios de comunicación e cine.	Europa masivamente a través dos medios de comunicación como a radio, a televisión e o cine. Nesta unidade pretendemos achegarnos ás principais correntes da música actual, analizando e comprendendo as súas características, e desenvolvendo a capacidade crítica no alumnado coa fin de fomentar un consumo consciente e responsable de música.	10	8			X
9	Música e danzas de Galiza, España e do mundo	A variedade de músicas que existen no mundo é infinita. Nesta unidade interpretaremos e estudaremos algunhas músicas de diferentes lugares de España e do mundo, coa fin de apreciar as súas características e as similitudes e diferenzas entre todas elas. Especialmente, a música e a danza tradicional e popular en Galicia ten peculiaridades que a diferencian das músicas do resto do país e do mundo, por iso compre escoitalas, analízalas e estudalas, xa que son as músicas da nosa contorna. Froito da globalización, eses rasgos específicos da nosa cultura musical e dancística inflúen e mistúranse na actualidade con outros estilos. Así nesta unidade, descubriremos ademáis do noso folclore e tradición, as fusiós entre este e outras músicas, coñecendo outros estilos, artistas e agrupacións actuais que interpretan jazz, rock, pop ... feitos en Galicia.	10	8			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Parámetros do son: ruído, música e silencio.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer na partitura os elementos que representan os parámetros do son: figuras musicais, clave, notas musicais, matices e instrumentos para os que está escrita.	PE	80

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler as partituras propostas con corrección, recoñecendo os elementos básicos que conforman os parámetros do son e recoñecendo a súa representación gráfica na música.		
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Escoitar exemplos de diferentes pezas musicais recoñecendo os elementos destacados que a conforman relacionados cos parámetros do son.		
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Ser consciente dos requerimentos para realizar unha escoita activa e aplicalos nas audicións propostas	TI	20
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter o silencio na escoita para apreciar as características estudadas na música. Respectar as preguntas dos demais e falar nas quendas indicadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilidade ante a polución sonora e a creación de ambientes saudables de escoita.</li> <li>- Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos.</li> <li>- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración.</li> <li>- A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical.</li> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.</li> <li>- O son e a música nos medios audiovisuais e as tecnoloxías dixitais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	O ritmo	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar os distintos tipos elementos rítmicos: compás, tempo, figuras, etc., de distintas obras musicais	PE	50
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer os principais elementos rítmicos e melódicos nas partituras traballadas: compás, figuras musicais, notas musicais, clave de sol en 2ª liña, intervalos, tipos de melodías.		
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Respectar as producións dos compañeiros e gardar silencio nos momentos nos que os demais estean formulando dúbidas ou executando o seu papel no conxunto, intervindo cando o profesorado o indique.	TI	50
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler e executar coa destreza esixida neste curso os exercicios e partituras de percusión corporal, movemento, pequena percusión ou lectura traballados durante as sesións desta unidade.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Executar con precisión as técnicas instrumentais, vocais ou corporais traballadas nas partituras utilizadas nesta unidade.		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar con corrección as pezas musicais e dancísticas propostas nesta unidade, tanto na clase como en público, xestionando o medo escénico e mantendo a concentración e respecto cara aos demais.		
CA3.3 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudadas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	Interpretar con corrección, na clase e en público repertorio de diferentes culturas musicais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos.</li> <li>- A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical.</li> <li>- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a creación musical: manexo de secuenciadores e editores de partituras.</li> <li>- As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	A melodía	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar os principais trazos melódicos en composicións musicais variadas: liñas melódicas características, tonalidade maior ou menor, escala cromática, frases, semifrases e motivos...	PE	50
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer os principais elementos melódicos nas partituras traballadas: compás, figuras musicais, notas musicais, clave de sol en 2ª liña, intervalos, tipos de melodías.		
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Respectar as producións dos compañeiros e gardar silencio nos momentos nos que os demais estean formulando dúbidas ou executando o seu papel no conxunto, intervindo cando o profesorado o indique.	TI	50
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler e executar coa destreza esixida neste curso os exercicios e partituras traballados durante as sesións desta unidade.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Executar con precisión as técnicas instrumentais, vocais ou corporais traballadas nas partituras utilizadas nesta unidade.		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar con corrección as pezas musicais e dancísticas propostas nesta unidade, tanto na clase como en público, xestionando o medo escénico e mantendo a concentración e respecto cara aos demais.		
CA2.7 - Interpretar e crear a través da voz, do corpo ou dos instrumentos, de maneira individual ou en grupo, diferentes pezas musicais, escénicas e dancísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar con corrección, na clase e en público repertorio da cultura galega		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos.
- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos.
- A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical.
- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.
- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.
- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.
- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.
- Ferramentas dixitais para a creación musical: manexo de secuenciadores e editores de partituras.

UD	Título da UD	Duración
4	A voz: produción do son, clasificación das voces e agrupacións vocais. Técnicas de canto.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar as diferentes voces e estilos de canto en obras vocais de diferentes épocas e culturas	PE	50
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Explicar, cun vocabulario adecuado, a función do canto das distintas agrupacións vocais e formas de colocar a voz segundo o seu contexto histórico e época.		
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar as partes do corpo que interveñen na produción da nosa voz, os distintos tipos de voz, as distintas agrupacións vocais estudadas e formas de cantar, analizando os aspectos comúns e diferenzas entre elas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter silencio na escoita para apreciar as características estudadas na música. Respectar as preguntas dos demais e falar nas quendas indicadas.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler partituras sinxelas a unha ou dúas voces, para poder interpretalas mediante o canto.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Cantar de forma individual e grupal seguindo as indicacións técnicas e musicais do profesorado.	TI	50
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar con corrección as pezas vocais propostas nesta unidade, a nivel individual e interpretando o rol indicado no grupo.		
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Amosar respecto cara os exemplos vogais traballados nesta unidade, valorando a súa importancia e influencia nas músicas actuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos.</li> <li>- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración.</li> <li>- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.</li> <li>- A voz e os instrumentos: clasificación xeral por familias e características. Principais agrupacións musicais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Instrumentos da tradición musical occidental Europea.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar os diferentes instrumentos e agrupacións e clasificalos por familias e época correspondente.	PE	40
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar os instrumentos traballados en distintos exmplos musicais, así como as características técnicas específicas de cada un deles		
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Expresar cun vocabulario axeitado ideas, emocións e opinións sobre os diferentes timbres instrumentais traballados nesta unidade.	TI	60
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Respectar as producións dos compañeiros e gardar silencio nos momentos nos que os demais estean formulando dúbidas ou executando o seu papel no conxunto, intervindo cando o profesorado o indique.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler e executar as partituras instrumentais propostas nesta unidade.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Executar con precisión as técnicas instrumentais, vocais ou corporais traballadas nas partituras utilizadas nesta unidade.		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar con corrección as pezas propostas nesta unidade, a nivel individual e interpretando o rol indicado no grupo.		
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Mostrar respecto cara os instrumentos e agrupacións traballados nesta unidade, valorando a súa importancia e influencia nas músicas actuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos.</li> <li>- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración.</li> <li>- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.</li> <li>- A voz e os instrumentos: clasificación xeral por familias e características. Principais agrupacións musicais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Textura e harmonía: introdución aos acordes básicos.	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar as diferentes texturas estudadas e encadralas na época histórica axeitada. Distinguir tonalidades e acordes maiores e menores	PE	50
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer auditivamente e na lectura das partituras traballadas, os tipos de textura e formas estudados nesta unidade e, nas partituras, os tipos de acordes e funcións tonais traballados nesta unidade.		
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar as diferenzas entre as texturas musicais da música clásica ou culta e as da música popular e urbana traballadas nesta unidade. Comparar as sonoridades de distintos acordes		
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Explicar cun vocabulario axeitado as ideas, sentimentos e emocións suxeridos polas obras e exercicios traballados nesta unidade segundo a sucesión e tipos de acordes escoitados.	TI	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter silencio na escoita para apreciar as características estudadas na música. Respectar as preguntas dos demais e falar nas quendas indicadas.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler e recoñecer nas partituras traballadas os tipos de acordes e funcións tonáis estudados nesta unidade.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Executar vocal ou instrumentalmente con corrección as pezas propostas nesta unidade, con especial atención á afinación dos acordes nas pezas a 3 ou máis voces.		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar con corrección as pezas vocais propostas nesta unidade, a nivel individual e interpretando o rol indicado no grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos.</li> <li>- Texturas monofónicas e polifónicas, melodía acompañada. Formas musicais: motivo, frase, formas binarias, ternarias, forma rondó, formas musicais da canción popular urbana.</li> <li>- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos.</li> <li>- Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical.</li> <li>- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.</li> <li>- Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	A forma musical	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar as diferentes formas estudadas e encadralas na época histórica axeitada.	PE	60
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer auditivamente e na lectura das partituras traballadas, os tipos de formas estudados nesta unidade.		
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar as diferenzas entre as formas musicais da música clásica ou culta e as formas musicais da música popular e urbana traballadas nesta unidade.		
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter silencio na escoita para apreciar as características estudadas na música. Respectar as preguntas dos demais e falar nas quendas indicadas.	TI	40
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler e executar as partituras instrumentais propostas nesta unidade sendo consciente da forma musical que seguen		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Empregar a técnica básica que permita executar instrumental, vocal ou corporalmente as músicas traballadas nesta unidade.		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar con corrección as pezas musicais e dancísticas propostas nesta unidade, tanto na clase como en público, xestionando o medo escénico e mantendo a concentración e respecto cara aos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Texturas monofónicas e polifónicas, melodía acompañada. Formas musicais: motivo, frase, formas binarias, ternarias, forma rondó, formas musicais da canción popular urbana.</li> <li>- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos.</li> <li>- Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia.</li> </ul>



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A partitura: identificación e aplicación de graffas convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical.</li> <li>- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.</li> <li>- Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	Música popular urbana, medios de comunicación e cine.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Describir as principais características das músicas urbanas, así como a función da música no cine e medios de comunicación.	PE	55
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Coñecer e utilizar diferentes soportes audiovisuais para escoitar, visualizar e analizar diferentes partituras e pezas musicais e dancísticas.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler con corrección as partituras que conforman o repertorio a interpretar nesta unidade.		
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar os rasgos característicos das músicas e danzas dos distintos estilos urbanos: instrumentos utilizados, tipos de compás, estruturas, tipos de danzas.	TI	45
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Expresar cun vocabulario axeitado ideas, emocións e opinións sobre os diferentes estilos amosados nesta unidade.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter o silencio na escoita para apreciar as características estudadas na música. Respectar as preguntas dos demais e falar nas quendas indicadas.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participar activamente, achegando ideas propias e con respecto cara as suxestións dos demais, nas actividades de improvisación musical e dancísticas propostas nesta unidade.		
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Expresar ideas propias, sentimentos e emocións nas actividades de improvisación propostas nesta unidade, investigando con mentalidade aberta as propias posibilidades e recursos improvisatorios.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Empregar a técnica básica que permita executar instrumental, vocal ou corporalmente as músicas traballadas nesta unidade.		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar con corrección as pezas musicais e dancísticas propostas nesta unidade, tanto na clase como en público, xestionando o medo escénico e mantendo a concentración e respecto cara aos demais.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Participar na planificación e creación de propostas artístico-musicais grupais desenvolvidas nesta unidade.		
CA3.3 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudadas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	Interpretar con corrección as músicas propostas nesta unidade.		
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Contribuir a crear un proxecto de repertorio grupal propio, no que se inclúan pezas de música urbana ou cinematográfica, seguindo as directrices propostas polo profesorado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos.

## Contidos

- Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.
- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.
- Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración.
- A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical.
- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.
- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.
- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.
- Técnicas de improvisación guiada e libre.
- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.
- Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.
- O son e a música nos medios audiovisuais e as tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
9	Música e danzas de Galiza, España e do mundo	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Describir as principais características das músicas de diferentes culturas, especialmente a galega e española.	PE	50
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Diferenciar as características musicais (instrumentos, ritmo, características melódicas...) das distintas culturas estudadas, asociándoas a cada lugar específico.		
CA3.5 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Describir as características culturais e sociais das obras propostas do noso patrimonio artístico galego.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participar activamente, achegando ideas propias e con respecto cara as suxestións dos demais, nas actividades de improvisación musical e dancísticas propostas nesta unidade.	TI	50
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Expresar ideas propias, sentimentos e emocións nas actividades de improvisación propostas nesta unidade, investigando con mentalidade aberta as propias posibilidades e recursos improvisatorios.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Empregar a técnica básica necesaria instrumental, vocal e corporal estudada ao longo do curso para preparar o repertorio traballado nesta unidade.		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar con corrección as pezas musicais e dancísticas propostas nesta unidade, tanto na clase como en público, xestionando o medo escénico e mantendo a concentración e respecto cara aos demais.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Participar na planificación e creación de unha proposta escénico-artística ideada para esta unidade.		
CA2.7 - Interpretar e crear a través da voz, do corpo ou dos instrumentos, de maneira individual ou en grupo, diferentes pezas musicais, escénicas e dancísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas cos elementos estudados nesta unidade, seguindo as pautas dadas polo profesorado.		
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Expoñer ideas sobre as músicas e danzas tradicionais e populares do noso patrimonio e doutras culturas do mundo, recoñecendo a influencia de certos ritmos tradicionais nas músicas actuais.		
CA3.3 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudadas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	Interpretar instrumental ou vocalmente con corrección, de maneira individual e grupal, as pezas propostas nesta unidade.		
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Contribuir a crear un proxecto de repertorio grupal propio, no que se inclúan fragmentos improvisados, seguindo as técnicas propostas polo profesorado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Utilizar as características e os elementos propios da cultura musical galega como base para crear diferentes composicións musicais, escénicas e/ou dancísticas executadas a través da voz, do corpo ou dos instrumentos.	Crear composicións musicais ou dancísticas con elementos propios da cultura galega, para interpretalos en vivo co resto do repertorio proposto nesta unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos.</li> <li>- Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración.</li> <li>- A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical.</li> <li>- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- Técnicas de improvisación guiada e libre.</li> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.</li> <li>- As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación.</li> <li>- A música en Galicia: instrumentos, formas tradicionais, danzas e xéneros tradicionais, populares e urbanos. Análise, interpretación e creación.</li> <li>- Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: características e funcións. Instrumentos, cancións, danzas e bailes en África, Asia, América, Europa e Oceanía.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia require unha metodoloxía maiormente práctica mesturada coa aprendizaxe teórica. Para traballar a parte práctica e produción musical usaremos metodoloxías cooperativas e colaborativas principalmente, xa que se fará interpretación en conxunto, pero tamén individual.

Tamén contaremos con metodoloxía de aprendizaxe baseado en proxectos: Presenta ó alumnado situacións complexas con vistas a que intenten resolvelas de forma creativa, estimulando a imaxinación, a creatividade e a aplicación das súas propias experiencias.

No tratamento dos contidos teóricos da materia buscarase un aprendizaxe por descubrimento: a base e observar e rexistrar información de forma sistemática. Non se trata de proporcionar directamente os coñecementos, senón de ensinalles a manexar os que xa saben, para que descubran, coa axuda do profesorado outras cousas.

Ademais do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:

- A asimilación dos distintos bloques de contidos, partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización, é dicir, a base desta programación é aprender facendo.

- A planificación do ensino faise sempre en base a vivir a experiencia da música a través da interpretación, da

creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.

- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.

- Diseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que incluírán procedementos diversos para traballar os contidos, e sempre partindo dunha visión global, onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula, así como a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.

- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer etc.

- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.

- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introductorias ou de presentación dos contidos para descubrir os coñecementos previos do alumnado, actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.

- Por último destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

En canto á sección bilingüe, as estratexias metodolóxicas que se pretenden aplicar arten do chamado “Aprendizaxe Integrado de Contidos e Linguas Estranxeiras” (AICLE; en inglés Content and Language Integrated Learning, CLIL), que persegue un dobre obxectivo: o aprendizaxe de contidos e o aprendizaxe simultáneo dunha lingua estranxeira.

Esta metodoloxía baséase en catro conceptos coñecidos como as 4Cs do currículo (Coyle 1999), que son os catro elementos que debe incluír:

- Content: inmersión no coñecemento e a comprensión dos contidos específicos dunha área.

- Communication: uso da lingua estranxeira como vehículo de comunicación.

- Cognition: desenvolvemento de destrezas cognitivas que relacionen a formación de coñecementos e a lingua.

- Culture: introdución a un contexto cultural que permita ampliar a perspectiva cara o coñecemento do outro e un mesmo.

Por iso, na práctica pedagóxica diaria trataranse de aplicar as seguintes ideas fundamentais:

- Son os contidos os que vertebran a aprendizaxe do idioma, a lingua estranxeira é só un instrumento que vehicula o currículo.

- Convén recorrer ao apoio das TIC para deseñar recursos didácticos visuais e auditivos que faciliten a aprendizaxe, como por exemplo vídeos en inglés, con ou sen subtítulos.

- Xa que un obxectivo específico é poder comunicarse noutra lingua, débense propoñer actividades socializadoras a través do traballo cooperativo.

- Na avaliación do alumnado, débese primar a interiorización dos contidos non lingüísticos sobre os resultados lingüísticos, recompensando a competencia lingüística na lingua estranxeira como un valor engadido.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos dotación de aula
Entorno virtual de aprendizaxe E-dixgal
Programa de edición de partituras

Materiais do Repositorio Abalar

Programa edición de audio

Instrumentos habituais das dotacións de aula: Orff, pequena percusión, etc  
 Fruta de pico aportada polo alumno, para o seu uso individual  
 Edixgal: todos os recursos e actividades que se porán á disposición nese entorno virtual de aprendizaxe.  
 Programas de edición de partituras e audio preferentemente de software libre como o Audacity e o MuseScore  
 Material do Repositorio Abalar que se pode descargar e utilizar en Edixgal

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial neste 2º curso de ESO terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos que o alumnado aprendeu e lembra da etapa da educación primaria, xa que no 1º curso de ESO a asignatura de música non está contemplada na comunidade autónoma de Galicia.

Para dita avaliación inicial utilizaremos a primeira unidade onde facemos un repaso dos parámetros do son e como se representan estes na partitura. Moitas destas cuestións de escritura e linguaxe musical son as que se traballan na educación primaria.

Para dita avaliación inicial presentaremos unha pequena partitura onde o alumnado terá que nomear os símbolos que aparecen nela, así como lela e interpretala coa fruta ou instrumentos de praca.

O profesorado disporá dunha táboa para tomar notas de cada alumna e alumno interpretando a parte instrumental, onde se recollerán items como: a continuidade no pulso, calidade do son, interpretación das figuras musicais, interpretación das notas musicais, interpretación dos matices.

Para comprobar o coñecemento dos signos musicais, na propia partitura que se lles entrega terán que sinalar e nomear os elementos indicados e entregala.

Outras cuestións como as destrezas no movemento e danza, o manexo da tecnoloxía, o coñecemento dos instrumentos ou a voz teranse que ir comprobando ao inicio das sucesivas unidades didácticas ao longo do curso, por iso cada unidade sempre comeza cunha actividade introductoria de coñecementos previos sobre os contidos a tratar.

A avaliación inicial indicará o punto de partida do alumnado para saber se podemos aplicar a programación tal cual, ou facer nas unidades correspondentes as adaptacións adecuadas, e levarase a cabo na primeira ou dúas primeiras sesións do curso dependendo do número de alumnado por aula.

Á luz dos resultados da avaliación inicial decidiremos aplicar a programación tal e como foi deseñada ou realizar as correspondentes e necesarias adaptacións.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	80	50	50	50	40	50	60	55	50	<b>54</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	20	50	50	50	60	50	40	45	50	<b>46</b>

#### Criterios de cualificación:

Debido a que a materia é altamente procedimental os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. Contidos teóricos: puntuarase de 0 a 10 as actividades de avaliación dos contidos de cultura musical, da análise de partituras, das audicións comentadas e dos contidos teóricos da linguaxe musical, sendo logo un 70% da nota final que se desglosará en dous apartados: por unha banda, a media dos resultados de distintas probas escritas (50%) e por outra, a media das actividades deseñadas para favorecer a asimilación dos contidos e acadar os obxectivos. e

que poden realizar cos apuntamentos e outro material de consulta.

- Os exames escritos contarán con algunhas preguntas tipo test e outras de redacción, explicación de contidos e de análise de audicións ou partituras. Farase un exame por unidade. A media de todos eles suporá un 50% da nota de avaliación. Nestas probas, os alumnos non terán acceso a apuntamentos e deben realizalas de xeito individual. En caso contrario, a nota correspondente sería nula.

O exame teórico poderá ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias

- As actividades deseñadas para favorecer a asimilación dos contidos e acadar os obxectivos poden realizarse cos apuntamentos ou outro material de consulta e de xeito grupal e colaborativo. A media deste tipo de actividades suporá o 20% da nota final da avaliación.

2. Contidos prácticos: puntuaranse de 0 a 10 as actividades de interpretación instrumental, vocal exercicios prácticos de lectura rítmica/melódica, etc sendo logo un 30% da nota final.

A parte práctica avaliarase mediante a observación sistemática con táboa de indicadores ou rúbricas e poderase entregar mediante un vídeo no que se vexa claramente que é o alumno quen realiza a interpretación musical da peza proposta, ou ben en directo, na aula, diante de tódolos compañeiros. No caso de propostas musicais en grupo, a interpretación terá que ser en directo, na aula.

En relación á interpretación instrumental hai que ter en conta os diferentes niveis do alumnado, polo que o profesorado facilitará no posible as medidas necesarias para aquel alumnado que o precise (dispoñibilidade horaria no recreo, adecuación das partituras ao nivel, etc.).

O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5.

A avaliación final será o resultado da media aritmética dos tres trimestres.

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8.

### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que acade unha cualificación inferior a 5 na 3ª avaliación realizará actividades de recuperación dos contidos teóricos e/ou prácticos da materia non superados. Estas actividades corresponderán aos contidos teóricos e prácticos non superados e poderán ser de dous tipos:

1. Actividades novas deseñadas para tal fin no caso de que o alumnado realizase todas as previas ata a 3ª avaliación incluída e non as superase. O deseño destas actividades responderá aos contidos non superados e á metodoloxía aplicada.

2. Actividades repetidas das realizadas ao longo do curso con cualificación negativa ou non presentadas.

-Criterios de cualificación das actividades de recuperación dos contidos teóricos e prácticos: O profesorado informará ao alumnado das actividades de recuperación que ten que realizar para acadar unha avaliación positiva na materia.

As novas cualificacións obtidas nas actividades de recuperación utilizaranse para facer un novo cálculo das notas das avaliacións, e a correspondente á avaliación final, seguindo os criterios de cualificación establecidos na programación.

- Actividade de apoio, reforzo, ampliación e titoría: O alumnado que acade unha cualificación igual o superior a 5 na 3ª avaliación realizará actividades de apoio, reforzo e ampliación coa posibilidade de subir a súa cualificación de cara á avaliación final. Esas actividades responderán aos bloques de contidos tanto teóricos como prácticos susceptibles de mellora. Serán deseñadas seguindo as pautas anteriormente descritas en ambos bloques de contidos. O alumnado que adquirise as competencias de xeito destacado e que aínda teña capacidade de mellora, escollerá unha actividade de ampliación libre entre os bloques de contidos teóricos ou prácticos

- Criterios de cualificación das actividades de reforzo, apoio e ampliación dos contidos teóricos e prácticos: A realización correcta destas actividades poderá engadir ata 1 punto á cualificación da avaliación final

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O seguimento dos alumnos coa materia de Música pendente farase a través dos cursos en E-Dixgal creados con tal fin. Neles teñen material de estudo: apuntamentos, audicións, pezas para interpretar e demais instrucións.

Calquera dúbida e/ou aclaración pode facerse a través da mensaxería da devandita plataforma.

Realizaranse dúas probas escritas para avaliar os contidos teóricos que se desenvolverán. Na primeira data avaliaranse a primeira metade das unidades didácticas. De superarse esta proba, no segundo exame avaliaríanse a segunda metade. De non superarse a primeira proba, na segunda data avaliaríase a totalidade das unidades.

Para avaliar a parte práctica (de interpretación), os alumnos poden enviar pola plataforma E-dixgal un vídeo



interpretando as pezas propostas no que se vexa claramente que son eles quen a están interpretando ou ben facelo o día do exame.

No caso de que o alumno realice as distintas actividades propostas por Edixgal, o peso das distintas probas será:

- 50% nota media das cualificacións das probas escritas
- 20% nota media das actividades propostas por Edixgal
- 30% nota media das actividades prácticas (de interpretación)

No caso de que o alumno non realice as actividades propostas por Edixgal, a nota final será o resultado de:

- 2/3 da nota media das probas escritas
- 1/3 da nota media das actividades prácticas de interpretación.

Será necesario acadar unha nota media de 5 para recuperar a materia pendente.

Naqueles casos que se necesite, establecerase dacordo co departamento de orientación, un plan de reforzo e adaptación aos casos de necesidades específicas de apoio educativo e atención á diversidade, adaptando os contidos, os exames e incluso o tempo dado para resolver ditas probas segundo cada caso concreto, e establecendo un recreo cada semana para solventar dúbidas e axudar a preparar a parte práctica instrumental e vocal.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Creatividade		X	X					X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Autonomía	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X							X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Creatividade	X
ET.3 - Autonomía	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X

**Observacións:**

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente través dos textos para aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballarase a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: traballarase de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Tralado en equipo, emprendemento social e empresarial: Actividades que implican creación de proxectos grupais. As máis específicas, as interpretacións en pequeno grupo ou en orquestra escolar
- Igualdade entre sexos: Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable
- Respecto mutuo: educación emocional e en valores. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuacións públicas en Nadal ou final de curso	As pezas musicais traballadas ao longo do curso executaranse en público en Nadal ou a final de curso, buscando outro centro de referencia para facer unha actuación conxunta nalgún auditorio da zona.	X		X
Asistencia como público a un concerto didáctico	Propiciarase a asistencia do grupo a un concerto didáctico, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivr a experiencia de escoitar música en directo.	X	X	X

### Observacións:

É de suma relevancia para a formación musical do alumnado a súa vivencia como músico ou artista. A interpretación pública é o canle máis idóneo para acadar ese obxectivo, tanto a interpretación no propio centro educativo como noutros espazos abertos ao público xeral.

Tamén se propiciará a asistencia do grupo a un concerto didáctico, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivir a experiencia de escoitar música en directo. As datas de realización dependerán da oferta que haxa

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ben ou acadado/Regular ou mellorable/Mal ou non acadado

Metodoloxía empregada
Ben ou acadado/Regular ou mellorable/Mal ou non acadado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Ben ou acadado/Regular ou mellorable/Mal ou non acadado
Medidas de atención á diversidade
Ben ou acadado/Regular ou mellorable/Mal ou non acadado
Clima de traballo na aula
Ben ou acadado/Regular ou mellorable/Mal ou non acadado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Ben ou acadado/Regular ou mellorable/Mal ou non acadado

### Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final e curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

Tamén se levará a cabo unha avaliación do grao de funcionamento do proxecto de seccións bilingües a diferentes niveis, desde o puramente académico ata á percepción do alumnado sobre a súa aprendizaxe, empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

Enquisas para o alumnado: cubrindo tanto aspectos xerais da dinámica da aula (metodoloxía, contidos, criterios de avaliación, valoración do grupo, etc.) como aspectos específicos da propia sección bilingüe.

Algúns exemplos de preguntas a valorar na enquisa poderían ser:

- O material en inglés resultoume interesante: Moito/Algo/Pouco/Nada
- As actividades en inglés estaban adaptadas ao meu nivel: Moito/Algo/Pouco/Nada
- Tería mellores notas se a materia fose en castelán ou galego: Moito/Algo/Pouco/Nada
- Perdín coñecementos na materia por estudar en inglés: Moito/Algo/Pouco/Nada
- Mellorou o meu inglés: Moito/Algo/Pouco/Nada

Test de contidos: para avaliar a capacidade de contestar a unha proba de contidos de Música en inglés, elaboraranse probas con preguntas extraídas de exames reais realizados nesas materias a alumnos de idades semellantes en países de fala inglesa. O alumnado deberá realizar a proba sen ningún tipo de aclaración, nin idiomática nin sobre a

materia.

Comparativa de resultados académicos entre alumnado da Sección Bilingüe e o alumnado que non participou no programa. Estes instrumentos de avaliación permitirán coñecer se o alumnado que participa nas Seccións Bilingües se atopa satisfeito dentro do programa, se percibe unha mellora na utilización do inglés, e se o seu rendemento académico, tanto nas materias non lingüísticas (Música) como nas de lingua estranxeira, aparece reforzado en comparación co alumnado que non participa no programa.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado ou entrevista persoal co alumnado. A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

## **9. Outros apartados**